

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) Os titulares do dereito á información previa ao consentimento son o paciente e os seus familiares.
- B) O outorgamento do consentimento por substitución corresponde, exclusivamente, aos familiares do paciente.
- C) As instrucións previas poderán revogarse libremente en calquera momento, deixando constancia por escrito.
- D) O consentimento informado prestarase por escrito, por regra xeral.

2. Atendendo ao que dispón o artigo 11 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, cal das seguintes é unha das obrigas dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario?

- A) Cumprir con dilixencia as instrucións recibidas do médico ou profesional responsable do seu proceso asistencial.
- B) Elixir unha Comunidade Autónoma de referencia para os efectos de recibir asistencia sanitaria.
- C) Responsabilizarse do uso adecuado dos procedementos de baixa laboral ou incapacidade permanente.
- D) Manter a debida reserva e confidencialidade sobre os proxectos de investigación nos que se utilizarán os resultados do seu proceso asistencial.

3. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cal é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos?

- A) Comité de Prevención de riscos laborais.
- B) Comité de Seguridade e Hixiene.
- C) Comité de Saúde Laboral.
- D) Comité de Seguridade e Saúde.

4. Indique que dereito NON inclúe, en materia de protección de datos persoais, o título III da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- A) Dereito de modificación.
- B) Dereito de acceso.
- C) Dereito á limitación do tratamento.
- D) Dereito de oposición.

5. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde será:

- A) O alto cargo que, entre os membros do seu Consello de Dirección, designe a persoa titular da Consellería de Sanidade.
- B) A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.
- C) A mesma persoa que ocupe a Xerencia do organismo.
- D) A persoa titular da Consellería de Sanidade.

6. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo:

- A) Efectuarase, con carácter xeral, polo procedemento de concurso–oposición.
- B) Efectuarase, con carácter xeral, polo procedemento de concurso–oposición, excepto para o persoal con título de especialista en ciencias da saúde, que será seleccionado con carácter xeral polo procedemento de concurso de méritos.
- C) Efectuarase, con carácter xeral, a través do sistema de concurso de méritos.
- D) Efectuarase, con carácter xeral, polo procedemento de concurso–oposición, excepto para o persoal de xestión e servizos con formación universitaria, que será seleccionado con carácter xeral a través do sistema de oposición.

7. Indique cal das seguintes NON é unha das Áreas Sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A Coruña e Cee.
- B) Vigo e O Morrazo.
- C) Pontevedra e O Salnés.
- D) Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

8. Atendendo á Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique cal NON é un criterio de clasificación do persoal estatutario:

- A) A función desenvolvida.
- B) O servizo de saúde de destino.
- C) O nivel do título esixido para o ingreso.
- D) O tipo do seu nomeamento.

9. En aplicación do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a persoa que sexa seleccionada para o desempeño dun posto de xefe/a de servizo de medicina interna, obterá un nomeamento inicial de:

- A) Tres anos de duración.
- B) Catro anos de duración.
- C) Cinco anos de duración.
- D) Seis anos de duración.

10. Entre as seguintes, indique que situación NON está comprendida no réxime xeral de situacións regulado na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Suspensión de funcións.
- B) Excedencia voluntaria.
- C) Servizo activo.
- D) Servizos extraordinarios.

1. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) Dispón que o documento de consentimento informado non forma parte da historia clínica.
- B) Obriga a conservar indefinidamente a información que conste nas historias clínicas.
- C) Establece un contido mínimo da historia clínica.
- D) Non regula o ámbito territorial da historia clínica.

2. Entre os seguintes, indique cal NON é un órgano dunha Área Sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) Dirección de Hospitalización e Urxencias.
- B) Dirección de Atención Primaria.
- C) Dirección de Recursos Económicos.
- D) Dirección de Recursos Humanos.